

Reto Nº 1: Novembro 2018

Este curso hai no aparcadoiro do colexio un coche novo que o ano pasado non estivo aí.

O modelo da marca en cuestión coincide co título dun álbum de música publicado en 2003 por unha cantante portuguesa con temas baseados nas pezas musicais dun famoso compositor italiano de bandas sonoras de películas. ¿Como se chama esta cantante portuguesa?

Na localidade onde naceu esta cantante hai unha ponte moi grande que levou 3 anos construíla. ¿Sobre que río foi construída?

O río leva o mesmo nome que unha árbore que ata mediados do século pasado agochaba un segredo na súa codia. Alí atopábase de forma natural un composto químico que é un dos antitumorais máis potentes que se coñecen, sobre todo na loita contra o sarcoma de Kaposi. ¿Como se coñece comunmente este composto?

O sarcoma de Kaposi está asociado principalmente a unha terrible enfermidade que nos anos oitenta saltou tristemente á fama. ¿Cal é o símbolo que se soe adoitar en solidariedade coas persoas que a padecen?

Entre os famosos que morreron a causa desta enfermidade atopase un gran tenista que se contaxiou mediante unha transfusión de sangue. ¿Que día, mes e ano gañou o torneo de Wimbledon?

Xusto 10 anos despois dese momento tivo lugar unha terrible desgracia fronte as costas de Irlanda ¿Que posou?

O protagonista do acontecemento levaba por nome o dun emperador do século II. ¿Que relixión impulsou preferentemente este mandatario?

O país onde naceu esta relixión ten unha riqueza cultural impresionante. Como curiosidade, nunha das súas cidades máis importantes orixinouse unha importante industria cinematográfica. ¿Con que nome é mundialmente coñecida?

A raíz cadrada do número de letras deste nome coincide cun dos primeiros termos dunha famosa sucesión matemática. O nome co que se coñece non é curiosamente o verdadeiro nome do matemático que a ideou. ¿Cal era entón?

Este nome coincide co dun famoso artista do renacemento italiano. A televisión pública italiana (RAI) vai estrear no 2019 unha serie sobre a vida deste home. ¿Que característica da vida privada deste personaxe se amosa abertamente?

CANDO CREADES TER TODO RESPONDIDO CORRECTAMENTE MANDADE AS RESPOSTAS A

sansafq@gmail.com

non se admitirá ningunha resposta que non se mande por e-mail

só se admite unha contestación por clase